

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E O COLEXIO OFICIAL DE MÉDICOS DA CORUÑA, PARA A PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL GALEGA NO CONGRESO DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL DA O.M.C.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2019.

REUNIDOS

Dunha parte, Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade, e Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo; de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, de 20 de outubro, de conformidade co Decreto 41/2013, de 21 de febreiro, e co Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e da Consellería de Cultura e Turismo, respectivamente, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra, D. Luciano Vidan Martínez, na súa condición de Presidente do Colexio Oficial de Médicos da Coruña, no uso das facultades confiridas no artigo 26 dos Estatutos colexiais, aprobados por Orde do 1 de xuño de 2011, e modificados por Orde do 30 de marzo de 2012.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que teñen conferidas

MANIFESTAN

I.- A Organización Médica Colexial (OMC) na que se sitúa o Colexio Oficial de Médicos da Coruña, ten celebrado na cidade de Santiago de Compostela o seu “III Congreso de Cooperación Internacional”.

Esta edición tivo como eixo principal a “*Medicina Humanitaria*”, definida como “aquela que se dirixe ás poboacións discriminadas, afectadas por unha crise e privadas de acceso aos coidados de saúde, e que se exerce sen outro obxectivo que o de ser útil”.

Nesta ocasión expertos nacionais e internacionais debateron na capital de Galicia sobre os problemas relacionados co acceso universal a medicamentos esenciais, sobre o dereito a unha asistencia sanitaria de calidade, a seguridade nas misións de cooperación, os instrumentos para a cooperación e as sempre permanentes crises humanitarias.

Os contidos do congreso alíñanse cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2030 das Nacións Unidas, que pretenden contribuír a mellorar a saúde en todos os países, especialmente entre as persoas máis desfavorecidas.

Moitas rexións enfróntanse a graves riscos para a saúde, altas taxas de mortalidade materna e neonatal, propagación de enfermidades infecciosas e unha mala saúde reprodutiva, desigualdades baseadas no xénero, exclusión, discriminación e violencia, o que contribúe a un maior risco de enfermidades graves.

II.- A Consellería de Cultura e Turismo é o departamento de la Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago, así como o impulso, coordinación e xestión da política autonómica en materia de turismo.

Por outra banda, A Consellería de Sanidade é o departamento a través do que o Goberno de Galicia desenvolve as actividades de colaboración sanitaria con outros países e institucións internacionais sanitarias, co obxectivo de lograr un impacto na saúde da poboación, tal e como prevé o artigo 82 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

A Xunta de Galicia, a través destes departamentos, xa ten participado noutros foros de interese sanitario que teñen acadado unha grande difusión a nivel internacional, polo que a participación institucional no “III Congreso de Cooperación Internacional da OMC” ten suposto unha nova oportunidade para fomentar a Galicia como destino e rexión acolledora conectada co mundo, ao tempo que se posibilita a participación de galega neste tipo de eventos internacionais, tanto no eido sanitario coma no da propia promoción cultural e turística.

III.- Para tal efecto, o presente convenio contén as bases reguladoras da cooperación da Consellería de Sanidade e da Consellería de Cultura e Turismo para a instrumentar e posibilitar a presenza institucional de Galicia no “III Congreso de Cooperación Internacional da OMC”, tanto no que atinxe ao contido central do propio congreso, coma no relativo á promoción como destino de acollida deste tipo de actividades.

O presente convenio, tendo en conta a súa natureza excepcional para a participación nun evento concreto organizado por unha entidade determinada con carácter exclusivo, sobre o que non é posible promover a concorrência pública, a axuda correspondente adxudícase de

xeito directo de conformidade co previsto nos artigos 36.c) e 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Por todo lo anterior e conscientes as partes do interese que ten este convenio de colaboración, acordan formalizar o mesmo de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer a forma e condicións polas que se rexerá a colaboración entre as partes asinantes de cara á organización conxunta e á xestión da participación institucional galega no “III Congreso de Cooperación Internacional da OMC” celebrado en Santiago de Compostela.

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica para incluír e facer públicos os datos refiridos ao presente convenio nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

SEGUNDA.- COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLAS PARTES.

1.- A Xunta de Galicia, a través das Consellerías de Cultura e Turismo e de Sanidade, aprobou o programa e a relación de participantes nos relatorios e grupos de traballo do congreso, e ten a vontade de contribuír no financiamento do “III Congreso de Cooperación Internacional da OMC”, en Santiago de Compostela, na forma e contía determinadas na cláusula seguinte.

Así mesmo, ditos departamentos:

- Participaron na xeración de contidos e información sobre as actividades desenvolvidas no congreso, para a súa difusión en web ou noutras canles de comunicación.
- Apoian a promoción do congreso e a obtención de patrocinadores.
- Participaron na organización de actos culturais paralelos de promoción dirixidos aos participantes no congreso.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, cumprimentará as obrigas de subministración de información para os efectos previstos no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

2.- Por outra banda, o Colexio Oficial de Médicos da Coruña, facendo uso da súa experiencia na organización deste tipo de congresos, posibilitou a celebración do congreso de acordo co programa aprobado, facéndose cargo de toda a xestión económica e administrativa do evento, e en concreto:

- Afrontou o pagamento de honorarios, viaxe, aloxamento e manutención dos participantes en relatorios e grupos de traballo do “III Congreso de Cooperación Internacional da OMC”, así como as actividades complementarias e paralelas de promoción, realizadas para fomentar a Galicia como destino e rexión acolledora conectada co mundo, ao tempo que se posibilitou a participación de Galicia neste tipo de eventos internacionais, tanto no eido sanitario coma no da propia promoción cultural e turística.
- Deu publicidade da celebración do congreso, e procedeu á inclusión da imaxe institucional das entidades concedentes, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou en mencións realizadas en medios de comunicación.
- Asumiu o deseño, impresión e distribución do programa de man e do resto do material promocional (programas xerais, carteis ...) así como a elaboración, produción e difusión da papelería, publicidade, presentacións, cartelería, páxina web, e outros derivados das necesidades de materiais funxibles requiridos para o normal desenvolvemento das actividades programadas.
- Facilitou o servizo de secretaría de asistentes: información, selección e inscrición; control de asistencia; expedición de diplomas e certificacións; xestión de aloxamento e manutención nos casos nos que resultou procedente.
- Facilitou o servizo do gabinete de prensa.
- Levou a cabo a organización dos actos de inauguración e clausura, así como dos relatorios, conferencias e outras participacións; e dispuxo o necesario en relación coa infraestrutura xeral e medios para a organización e realización do congreso (locais, equipos técnicos, servizos de azafatas ou persoal de apoio, servizos complementarios).
- Levou a cabo a recopilación, reprodución e edición da documetación congresual.
- Comprometeuse a facilitar toda a información que lle fose requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- Realizou todas aquelas actividades ou servizos que necesarios ou convenientes para o axeitado desenvolvemento do congreso, conforme a súa natureza e fins.

TERCEIRA- FINANCIAMENTO.

Para a realización do obxecto do presente convenio e das actividades que o integran, a aportación da Consellería de Sanidade será de 10.000 €, e a da Consellería de Cultura e Turismo será de 30.000 €.

Dita aportación farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 1201.411A.481.1 da Consellería de Sanidade. A Consellería de Cultura e Turismo, achega con cargo á aplicación

orxamentaria 1120.432B.481.2 o importe de 30.000 € para ampliar o crédito da Consellería de Sanidade na aplicación antes indicada.

En todo caso, dita aportación só cubrirá os custos derivados da realización das actividades obxecto do convenio sen que ningunha das partes obteña beneficio ou lucro algún coa realización da actividade.

O abono da aportación farase efectivo contra presentación da xustificación dos gastos correspondentes as actividades conveniadas, unha vez presentada a memoria final e a conta xustificativa prevista no artigo 48 da Lei 9/2007, e á vista do informe de conformidade emitido polo órgano xestor da subvención. A xustificación presentarse antes do 31 de decembro de 2019.

A subvención concedida será compatible con outras subvencións ou axudas concedidas para a actividade que constitúe o obxecto deste convenio.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES E XUSTIFICACIÓN.

En canto aos gastos subvencionables atenderase ao disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades realizadas durante a duración do congreso, e consideraranse gastos realizados os efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado no presente convenio.

De conformidade co anterior, a subvención cubrirá, entre outros, xa que se expoñen con carácter enunciativo e non exhaustivo, os seguintes gastos:

- Os gastos xerados polo desprazamento, aloxamento e manutención dos/as relatores/as, do comité científico, do comité organizador e das persoas representantes das entidades colaboradoras determinados/as no programa de actividades do congreso.
- Os gastos de deseño, elaboración, produción e difusión de papelería, publicidade, presentacións, cartelería, páxina web, e outros derivados das necesidades de materiais funxibles que requirise o normal desenvolvemento das actividades programadas.
- Os gastos de relatorios, conferencias e outras participacións; os de tradución e aluguer de equipos técnicos; a edición dos relatorios ou conclusións resultantes; os de aluguer de locais e os gastos de azafatas ou persoal de apoio.
- E todos aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza das actividades realizadas durante o congreso.

Para os efectos do previsto no artigo 46 e seguintes do Decreto 11/2009, a entidade beneficiaria presentará os documentos xustificativos necesarios e acreditará expresamente o destino e importe dos gastos efectivamente realizados con cargo á subvención concedida. Para tal efecto, presentará unha memoria final e unha conta xustificativa co contido previsto no artigo 48 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, antes do 31 de decembro de 2019.

Cando as actividades teñan sido financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, acreditarase na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades.

En todo caso, as entidades públicas asinantes resérvanse o dereito de solicitar tanta documentación consideren precisa, en relación coa xustificación dos gastos. A Xunta de Galicia, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Sen prexuízo das causas de reintegro previstas no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas ou das obrigas recollidas neste convenio dará lugar ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e o xuro de demora correspondente de acordo co establecido no Art. 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu regulamento.

- A aplicación dos fondos outorgados a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

- O mutuo acordo das partes asinantes.

- A introdución de modificacións nas directrices dos programas a desenvolver, sen contar coa previa autorización escrita da Administración.

- A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique ás outras con dous meses de antelación a data de finalización da vixencia do convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas, e en todo caso a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar, se con isto se alterasen os obxectivos deste convenio, á modificación dos importes das axudas.

SEXTA.- XURISDICIÓN E NORMATIVA APLICABLE.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento. As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

En todo o non disposto neste convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, o decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007 do 13 de xuño e en canto non se opoña ao establecido na dita Lei, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, sobre

subvencións a entidades locais galegas, e demais normativa de desenvolvemento, en canto lle sexa de aplicación.

SÉTIMA.-VIXENCIA.

O presente convenio estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2019, e cubrirá as actividades subvencionables realizadas e efectivamente pagadas durante o “III Congreso de Cooperación Internacional da OMC”, de conformidade coas cláusulas do presente convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar na data e lugar ó inicio mencionados.

Pola Consellería de Sanidade:	Pola Consellería de Cultura e Turismo:	Polo Colexio Oficial de Médicos da Coruña:
Jesús Vázquez Almuiña	Román Rodríguez González	Luciano Vidan Martínez